

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PEL CONCELLOS-2022

Proceso selectivo: 1 ALBANEL OFICIAL 1ª

No Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo, ás 09:30 h do día 20/06/2022, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 oficial 1ª albanel adscrito á subvención Plan de emprego local PEL-CONCELLOS 2022, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 433/2022 do 07/06/2022 coa seguinte composición:

Presidenta: Gabriel Bermúdez Piñeiro, Encargado municipal de obras

Vocal: Mª Aurora Rodríguez Rey, AEDL Aux. do Concello de Rianxo (II)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (IV)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 7 de xuño de 2022 preséntase a oferta de emprego correspondente na oficina de emprego de Boiro; o día 13 de xuño de 2022 recíbese o resultado da dita oferta que inclúe a 6 aspirantes.

Segundo: Nos días seguintes contáctase coas persoas incluídas na listaxe para que se acheguen ao Concello para comprobar se reúnen os requisitos establecidos nas bases de selección e que veñen determinados polas esixencias da Deputación da Coruña, entidade subvencionadora, ao respecto dos colectivos aos que vai dirixido o programa; entregase a cada aspirante unha copia das bases de selección. O resultado é que so se presentan 5 persoas aspirantes das 6 que poden participar no proceso.

Terceiro: convócase ás persoas aspirantes para as probas escritas, que se van realizar o luns 20 de xuño de 2022 ás 09:30 horas no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Ás 09:30 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta (Proba escrita de coñecementos e de galego).

Ás 09:45 horas iníciase a proba escrita e remata ás 10:45 h, unha vez que rematan todas as persoas aspirantes.

O Tribunal realiza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	OPOSICION	Respostas Correctas	Respostas Erradas
Albores d'íaz, Luis	16,44	26,00	4,00
Castro Figueira, Rosalino	14,67	24,00	6,00
Losada Romero, Antonio	9,33	18,00	12,00
Rey Costas José Angel	9,33	18,00	12,00
Vicente Moares Amador	17,56	27,00	2,00

Polo tanto, a fase de oposición queda como segue:

ASPIRANTE	OPOSICIÓN	
	Máx. 20 p. Proba escrita	APTO/NON Galego
Albores d'íaz, Luis	SUPERA	APTO
Castro Figueira, Rosalino	SUPERA	APTO
Losada Romero, Antonio	NON SUPERA	APTO
Rey Costas José Angel	NON SUPERA	APTO
Vicente Moares Amador	SUPERA	APTO

Superan a proba 3 dos 5 aspirantes presentados; quedan excluídos do proceso os aspirantes que non a superaron ó non acadar a puntuación mínima da proba escrita (10 puntos).

O tribunal decide volver a reunirse o venres 01/07/2022 ás 10:00 horas para facer as valoracións da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes que presentaron con anterioridade no Rexistro Xeral do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 10: 45h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola Secretaria do Tribunal.